

Introdución aos controis de acceso aos centros culturais

Guillermo Rodicio Cimadevilla

Letrado do Servizo Galego de Saúde

guillermo.jose.rodicio.cimadevilla@sergas.es

Concepto de controis de acceso

- Controis de acceso: unha definición xeral
- Os controis de acceso como elemento na evolución do museo

- O museo medieval: o cuarto de marabillas - O museo ilustrado: o centro enciclopédico

- O museo do XIX e contemporáneo: o museo da nación

Quen pode acceder, quen pode expoñer, para quen é a cultura

Os controis de acceso falan da propia noción de cultura de cada momento, desde a colección restritiva de acceso privado ata os nosos días onde se volve a revolucionar a idea de museo coa produción do público visitante.

Normativa internacional e competencial

- Artigo 27 da Declaração Universal de dereitos humanos
- Artigo 15 do pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais da Asamblea Xeral da ONU (participar na vida cultural)
- Artigo 44 CE: dereito de acceso á cultura (principio rector)
- Distribución de competencias: Competencia exclusiva das CCAA
- O estado resérvase competencias relativas ao espolio e explotación de bens culturais; e museos bibliotecas e arquivos de titularidade estatal. 149.1.28 CE
- Estatuto autonomía de Galicia 27.18
- STC 17/1991 de 21 de xaneiro.

Normativa a nivel estatal.

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español.
- Artigo 62 referencia xenérica a “restricciones que por razón de la conservación de los bienes en ellos custodiados o de la función de la propia institución, puedan establecerse
- Limitada a normativa de protección e conservación
- Unha regulación moi parca do dereito de acceso. En todo caso, pode servir como guía interpretativa da nosa regulación propia.
- A regulación regulamentaria
 - RD 582/89 Regulamento de Bibliotecas públicas do estado – Artigo 18 para acceso
 - RD 620/1987, Regulamento de Museos de Titularidade Estatal – Artigos 21 a 23
 - Orden ECD/868/2015 pola que se regula la visita pública a los museos de titularidad estatal – norma de carácter económico, prezos de entradas, reducciones, gratuidades e fomento.
 - Aínda que no estado varios dos museos máis importantes teñen lei propia, non regulan o acceso de forma específica.

Normativa galega

- Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 320/1992 polo que se fixan prezos públicos percibidos pola Xunta de Galicia en arquivos e museos xestionados pola CAG e de titularidade autonómica
- Lei 7/2021 de museos e outros centros museísticos de Galicia
- Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia
- Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia
- Lei 3/2024 de cultura inclusiva e accesible de Galicia
- Normativa moi recente, con case nulo desenvolvemento regulamentario.

Lei 5/2015 de patrimonio cultural de Galicia

- Artigo 5 para o dereito de acceso
- Artigo 36 para réxime bens catalogados
- Artigo 48 réxime dos BIC
- Artigo 102.d) acceso a patrimonio histórico subacuático
- Artigo 116 acceso a museos

Problemática do dereito de acceso a bens do patrimonio de titularidade privada

- Dereito de acceso a bens catalogados: limitado a persoal inspector, persoal investigador e persoal técnico para declaración BIC
- Dereito de acceso a BIC: mínimo de 4 días ao mes/ 4 horas ao día. Limitacións por dereitos de intimidade persoal.
- Sancións por incumprimento:
 - Leves en xeral.
 - Grave cando limite o persoal inspector en catalogados.
 - Sancións sen beneficio económico directo:
 - Leves: multa de 300 a 6.000/ Grave: 6000 a 150.000€

- Na práctica, para os catalogados as obrigas non son de acceso ao público.
- Para os BIC, non hai un mecanismo legal que permita a imposición desta obriga.
 - De acudir ao réxime sancionador, moitas veces os propietarios compénsalles pagar a sanción, polos gastos en que poderían incorrer para a apertura pública.
- Caso Meirás
 - STXG de 17 de 17 de setembro de 2009, recurso 4447/2007
 - STS 29 de novembro de 2012, recurso 1563/2012
- Conflito con dereitos de intimidade
- Conflito con dereitos de liberdade de culto (exemplo do pórtico da Gloria)

Controis de acceso en museos

- Artigo 116 da Lei de patrimonio cultural
- Artigos 24 e 25 da Lei de museos de Galicia
 - - Varias referencias a normativa regulamentaria de desenvolvemento que aínda non existe.
 - - Regulación que observa tres aspectos:
 - . Horarios
 - . Prezos das entradas
 - . Condicións de acceso
- Forte importancia de dar publicidade a estas medidas

Prezos das entradas

- Entrada gratuíta polo menos un día á semana.
- Regulación regulamentaria no Decreto 320/1992.
 - Normativa claramente obsoleta, limitada a sinalar a posibilidade de cobrar entrada.
 - No ámbito estatal, mediante resolucións de Padroados de museos.
 - Cuestión de imposición de entradas ou prezos diferentes a estranxeiros – Artigo 59 TFUE
 - STXUE de 15 de marzo de 1994-- contra España (Asunto C-45/93)
 - STXUE de 16 de xaneiro de 2003 – contra Italia (Asunto C-388/2001)

Horario de apertura

- Orde de 23 de outubro de 2020 de horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Horario de peche:
 - III.2.4.1. Museos: 00.00 horas.
 - III.2.4.2. Bibliotecas: 4.00 horas.
- Posibilidades de realización de eventos privados fóra do horario de apertura.
 - Posibilidades de explotación comercial a maiores
 - En todo caso, garantindo os dereitos de acceso ordinarios.

Condicións de acceso

- Posibilidade de limitar “por razóns de conservación dos bens custodiados”.
- Principios de igualdade, non discriminación e deseño universal.
- Comunicadas para a súa aprobación pola dirección xeral competente en materia de centros museísticos
- Na práctica, condicións fixadas pola dirección de cada museo, tendo en conta as características dos materiais expostos.

Condicións de acceso como dereito sancionador de baixa intensidade

- Limitan os dereitos dos cidadáns ao acceso da cultura
- Casos problemáticos
 - Accesos con comida.
 - Accesos con bolsas ou mochilas de amplas dimensións./Consigna
 - Posibilidades de gravación (dereitos de autor, e conservación).
 - Accesos con animais.
 - Accesos con obras de arte.
- Posibilidade de denegar a entrada, ou de expulsar ao cidadán, co concepto xeral de “mantemento da orde”.
- Escasa xudicialización e polo tanto presión xudicial.

Problemas xerais de accesibilidade: a discricimación étnica.

- Accesibilidade xeográfica: descolonizar os museos.
- Problemática dos denominados “museos universais” e o dereito de acceso a obras de arte ou restos arqueolóxicos doutras partes do mundo.
- Exemplo dos mármore do Partenón e o British museum.
- Problemática xurídica: validez de documentos privados de compra, retroactividade de normativa sobre expolios, relacións diplomáticas internacionais...
- Concepción da identidade nacional da arte e obxectos.
- A importancia do contexto para a interpretación dos obxectos. Posible aplicación en Galicia deste problema?

Problemas xerais de accesibilidade: o turismo

- Fluxos de poboación turística requiren a limitación de acceso aos bens por razóns de conservación e de adecuar a experiencia.
- Casos como o Louvre ou o Van Gogh
- Potenciación da venta por adiantado e organización de visitas
- Caso da Alhambra: Orde de 29 de maio de 2023
- En Galicia, temos problemas parecidos coas contornas naturais, onde se toman medidas semellantes aínda que teñen outra vía normativa: Praia das catedrais, Illas Cíes. (pórtico da Gloria).

Dixitalización dos fondos

- Solución de acceso universal
- Recomendación da comisión o 24 de agosto de 2006 sobre a dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación dixital
- Dixitalización de fondos pictóricos como o Rijkmuseum
- Visita virtual do museo de belas artes da Coruña
- Posibilidade de dar vida nova a obras fóra do circuíto mainstream.
- Problemas asociados á memoria dixital.
- Exclusión dixital.

Regulación en arquivos e bibliotecas

- Arquivos: regulación regulamentaria máis recente e clara:
 - Orde de 31 de agosto de 2010 pola que se establecen as normas para a consulta e reprodución dos documentos nos arquivos propios e xestionados pola Xunta de Galicia.
 - Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia.
- Bibliotecas: menores restricións de acceso
 - Condicións xerais de acceso universal
 - Caso particular: Biblioteca nacional con limitacións “indirectas” de acceso. Orden ECD/1152/2014, de 25 de junio, por la que se establecen las normas de acceso a la Biblioteca Nacional de España.

Acceso con animais

- Marco xeral, o recoñecemento de dereitos a entidades abstractas ou non humanas
- No caso dos animais, de bens semovientes a titulares de dereitos.
 - Ley 17/2021, de 15 de diciembre, de modificación del Código Civil, la Ley Hipotecaria y la Ley de Enjuiciamiento Civil, sobre el régimen jurídico de los animales.
- Lei, 7/2023 de 28 de marzo, de protección dos dereitos e benestar dos animais
 - Artigo 29.3 Acceso a edificios e dependencias públicas.

Acceso con animais (II)

- Salvo prohibición expresa, hai permiso para acceder con animais de compañía.
- Obriga dos centros culturais de establecer expresamente o contrario, xustificando as razóns da prohibición (conservación, seguridade, aforo...)
- Posible contradición coa normativa autonómica (Lei galega 4/2017, non establece medidas a este respecto), pero por exemplo a lei andaluza si regula ata certo punto os accesos.
- Proxectos pilotos – Caso do Museo Nacional de Ciencias naturais.

Acceso con animais (III): Animais de asistencia

- Réxime reforzado para os cans de asistencia.
 - Regulación na Lei 10/2003, de 26 de decembro, sobre o acceso ao entorno de persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.
 - Aos animais de asistencia non se lles pode denegar a entrada.
- Casos intermedios, animais de terapia ou seguridade
 - Animais de apoio a vítimas de violencia de xénero
 - Animais de apoio social
 - Acceso con animal terapéutico a testemuña xudicial

Acceso con animais (IV): Animais de asistencia

- Réxime reforzado para os cans de asistencia.
 - Regulación na Lei 10/2003, de 26 de decembro, sobre o acceso ao entorno de persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.
 - Aos animais de asistencia non se lles pode denegar a entrada.
- Casos intermedios, animais de terapia ou seguridade
 - Animais de apoio a vítimas de violencia de xénero
 - Animais de apoio social
 - Acceso con animal terapéutico a testemuña xudicial
 - Caso da Alhambra de novo con regulación específica.

Accesibilidade, persoas con discapacidade

- Problemática: Moitos centros culturais non son completamente accesibles para persoas con discapacidades físicas, sensoriais ou cognitivas. Normativa moi ampla, da que destacamos:
 - Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
 - Real Decreto 366/2007, do 16 de marzo, polo que se establecen as condicións de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade nas súas relacións coa Administración Xeral do Estado.

Accesibilidade, persoas con discapacidade

- Desde un punto de vista arquitectónico trátase dunha estrita aplicación destas normas, que xa teñen un tempo de vixencia.
- Problemas cando as contornas a adaptar son en si mesmos espazos protexidos.
 - Caso do museo do pobo galego.
- Exemplo de boas praxes, o museo de Pontevedra.

Lei 3/2024, de 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia

- Norma moi recente
- Ambiciosa desde o punto de vista transversal, pois como fomos vendo hai unha aproximación moi fragmentaria a esta materia en moitas normas e desde puntos de vista diversos, que pode beneficiarse dunha achega máis integradora.
- Aborda problemáticas que aquí só apuntamos, como a inclusividade das programacións, a fenda dixital...
- Achega non só a perspectiva pasiva do centro cultural, senón tamén a participación activa do público.
- Sen desenvolvemento regulamentario, queda en mera declaración de intencións.